



SB/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

16 XULL. 2008

Num.: 30424

En relación coa ~~pregunta con resposta~~ oral en comisión núm.: **27032**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña Docampo e dona María del Carmen Cajide Hervés, sobre **"a análise da posible incidencia das ondas electromagnéticas das antenas de telefonía no organismo, así como de patoloxías asociadas á ese exposición, con maiores indicadores na localidade de Moraña."**, (publicada no BOPG núm.: 500, do 14 de febreiro de 2008), **convertida en pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2008 (BOPG núm. 587, do 14 de xullo de 2008), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

1. "Dispón a Consellería de Sanidade dalgunha análise xeral que reflicta a posible incidencia das ondas electromagnéticas das antenas de telefonía sobre o organismo?"

O 29 de setembro do ano 2001, publicouse no BOE o Real decreto 1066/2001 de 28 de setembro, sobre as condicións de protección do espazo radioelétrico, restricións ás emisións radioelétricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioelétricas.

A raíz de dita publicación en Galicia constituíuse un comité de expertos que redactou un documento, que se atopa na nosa páxina web, cos seguintes obxectivos, entre outros:

- Realizar unha revisión da evidencia científica dispoñible acerca dos potenciais efectos dos CEM de radiofrecuencias sobre a saúde.



- Realizar, á luz da revisión anterior, unha avaliación das diferentes medidas de xestión do risco que se adoptaron nos diferentes contornos.
- De acordo coa avaliación anterior, elaborar as recomendacións necesarias para que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, valore, se así o aconsellasen as evidencias obtidas de dita revisión, a adopción de medidas adicionais de control e de protección sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas das conclusións de dito comité foron as seguintes:

1. Non existe, hoxe en día, evidencia científica consistente que proporcione indicios de que a exposición a CEM de radiofrecuencias estea asociada ao risco de desenvolver algún tipo de cancro ou alteracións na saúde da poboación exposta. Sen embargo, moitos dos estudos realizados ata o de agora son pouco informativos e con potencia limitada para identificar efectos leves.
2. Aínda que cando non existe evidencia de que supoñan un risco para a saúde, as medidas de xestión establecidas, tanto a nivel internacional como nacional, establecen uns límites de exposición da poboación xeral 50 veces inferiores ao valor máximo ao cal non se aprecian efectos biolóxicos irreversibles.
3. Polo tanto, ditos límites establecidos na lexislación española, baseados nos estándares que se estableceron aplicando o principio de precaución, son apropiados e suficientes, en función do coñecemento científico actual, para facer compatible o uso deste tipo de tecnoloxías coa protección sanitaria da poboación.
4. A cercanía entre as estacións base (se están correctamente planificadas e construídas) permite reducir a potencia de emisión das mesmas e dos



terminais móbiles aos que dan cobertura, reducindo, polo tanto, a intensidade do campo electromagnético de exposición.

5. En base á conclusión 4ª, deberase velar en todo momento por un cumprimento escrupuloso da regulamentación existente, como medio para asegurar unha correcta protección sanitaria da poboación.

6. A administración sanitaria deberá manter sistemas de supervisión de futuros resultados en canto ás evidencias aportadas pola investigación científica ao respecto.

Co fin de cumprir a última conclusión, a Dirección Xeral de Saúde Pública, está ao tanto de tódalas novidades científicas sobre este tema, todas elas, dende entón, atópanse na mesma liña que as anteditas conclusións, tanto dos organismos da UE, como os comunicados da OMS baseados no seu amplo estudo sobre campos electromagnéticos aínda por finalizar.

Así mesmo en consonancia con estas conclusións a revisión do ano 2005, levada a cabo por un comité de expertos independentes do Ministerio de Sanidade e Consumo, conclúe do seguinte xeito:

- A aplicación do Real Decreto 1066/2001 permitiu garantir a saúde dos cidadáns fronte á exposición das radiacións radioelétricas.
- Os niveis medidos en todo o territorio están moi por debaixo dos límites considerados como seguros polos Comités e organizacións nacionais e internacionais.
- Actualmente á luz do coñecemento científico, no hai motivos sanitarios que xustifiquen un cambio dos límites de exposición establecidos no anexo II do Real Decreto 1066/2001.



- A percepción do risco dalgúns sectores sociais, sendo lexítima, non se corresponde coas evidencias científicas dispoñibles que non observaron ningún efecto adverso para a saúde derivado da exposición a CEM procedentes de estacións base de telefonía móbil.

2. Ten a Xunta de Galicia algún análise ou estudo sobre posibles incidencias de patoloxías asociadas á esta exposición, con maiores indicadores na localidade de Moraña?

Con motivo da solicitude dun informe epidemiolóxico presentada á Consellería de Sanidade en xullo de 2007 por un grupo de veciños do concello de Moraña, o servizo de epidemioloxía da Dirección Xeral de Saúde Pública elaborou dous informes, 'Mortalidade por cancro no concello de Moraña no período 1980-2004'; e 'Aproximación á incidencia de cancro no Concello de Moraña, a través do Conxunto mínimo básico de datos, no período 1996-2006', que a súa vez conta con dous apéndices: 'Aproximación á incidencia do cancro de mama no Concello de Moraña, 1996-2005', e 'Aproximación á incidencia dos tumores do sistema nervioso e neoplasias dos tecidos linfáticos e hematopoéticos no concello de Moraña, 1996-2006'

Ambos informes xa lle foron remitidos aos solicitantes.

Que estes últimos sexan 'aproximacións á incidencia' débese, como se indica no propio informe, a que 'En Galicia, polo momento, non se dispón dun rexistro de tumores poboacional que nos permita coñecer con exactitude a incidencia do cancro na nosa comunidade.

Polo que haberá que recorrer a unha aproximación, como a que proporciona o estudo dos ingresos por cancro nos hospitais' ou o Programa galego de detección precoz do cancro de mama.



A conclusión do estudo sobre incidencias di que durante o período 1996 a 2006, no Concello de Moraña, o número de neoplasias dos tecidos linfáticos e hematopoéticos foi inferior ao esperado, mentres que o número de tumores do sistema nervioso foi superior ao esperado, mais en practicamente todos os casos os intervalos de confianza son moi amplos e en varios casos inclúen o valor 100 nos seus límites.

Á vista destes resultados non podemos dicir que o número esperado de casos sexa superior, igual ou inferior ao esperado, aínda que o máis probable e que sexa igual ó esperado, dado que non se atopa ningún dato relevante que faga pensar o contrario.

A conclusión do estudo sobre mortalidade sinala que a evolución das taxas de mortalidade por cancro no Concello de Moraña, axustadas por idade, é parella ás da súa provincia e ás de Galicia, tanto en homes como en mulleres, e as flutuacións observadas son normais e debidas aos poucos casos que aparecen en poboacións pequenas; e, en calquera, caso tenden a estar por debaixo das cifras provinciais e galegas.

Asemade, a mortalidade por cancro observada no conxunto do período no concello de Moraña atópase, para homes e mulleres, nun nivel medio en relación ao resto dos concellos de Galicia, e non hai indicios de que a súa tendencia, tamén en relación á dos outros concellos de Galicia, estea a medrar, nin en homes nin en mulleres.

Polo tanto, conclúese que non hai un exceso de mortalidade por cancro no concello de Moraña. De feito a conclusión conxunta é que non se atopan indicios de que estea a suceder algo anómalo respecto as patoloxías que poderían estar asociadas a unha exposición excesiva a campos electromagnéticos.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 49 19

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2008

O director xeral de Relacións Parlamentarias

Guillermo Varela Flores

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia